



Grao en Historia. Traballo de Fin de Grao

Dúas miradas ás mulleres da Revolución francesa: Madame de Staël e Jules Michelet

Ana Enriquez Rubal

Universidade de Santiago de Compostela

Titira: Ofelia Rey Castelao

Departamento de Historia, Área de Historia Moderna

Curso 2024/2025

Índice

Introdución	3
1. Madame de Staël	5
1.1. Reflexións sobre o proceso da Raíña	7
1.1.1. A idea política reflectida na súa obra.....	7
1.1.2. Crítica ao goberno do terror.....	9
1.1.3. Ser muller na Revolución Francesa	11
1.1.4. Germaine Necker: defensora en momentos convulsos	14
2. Jules Michelet	15
2.1. As mulleres da Revolución	16
2.1.1. As mulleres como detonantes da Revolución	17
2.1.2. Víctimas e culpables	19
2.1.3. Perspectiva crítica sobre as mulleres	21
2.1.4. Os nomes en feminino da Revolución	24
3. Similitudes e diferenzas. As diferentes perspectivas da Revolución	26
3.1. As similitudes entre ambos autores	28
3.2. As diferenzas que os separan	29
Conclusión.....	30
Fontes impresas	32
Bibliografía	32

Resumo: Os estudos sobre a participación e implicación das mulleres durante a Revolución francesa estiveron sempre situados nun segundo plano, considerados de escasa importancia para a investigación sobre este período. Porén, hoxe en día está demostrado que as mulleres tiveron un papel fundamental, non só nos principais procesos políticos e sociais da Revolución, mais tamén sendo as principais afectadas negativamente. Neste traballo preténdese, mediante a análise das obras de Madame de Staël, escritora ilustrada da época revolucionaria, e de Jules Michelet, historiador francés do século XIX, mostrar a grande relevancia e impacto que tiveron as mulleres, tanto individualmente, como en grupo, no inicio, desenvolvemento, e conclusión da Revolución Francesa.

Palabras chave: Mulleres, Revolución francesa, Madame de Staël, Jules Michelet.

Resumen: Los estudios sobre la participación e implicación de las mujeres durante la Revolución francesa han estado siempre relegados a un segundo plano, considerados de escasa importancia para la investigación sobre este periodo. No obstante, hoy está demostrdo que las mujeres tuvieron un papel fundamental, no sólo en los principales procesos políticos y sociales de la Revolución, pero también siendo las principales afectadas negativamente. En este trabajo se pretende, mediante el análisis de las obras de Madame de Staël, escritora ilustrada de la época revolucionaria, y de Jules Michelet, historiador francés del siglo XIX, mostrar la gran relevancia e impacto que tuvieron las mujeres, tanto individualmente, como en grupo, en el inicio, desarrollo y conclusión de la Revolución francesa.

Palabras clave: Mujeres, Revolución francesa, Madame de Staël, Jules Michelet.

Abstract: Studies on the participation and involvement of women during the French Revolution have always been placed in the background, considered of little importance for the research around that period. However, today it is demonstrated that women played a fundamental role, not only in the main political and social processes of the Revolution, but also being the main ones negatively affected. This research aims to show, by analysing the works of Madame de Staël, an enlightened writer from the revolutionary era, and Jules Michelet, a French historian of the nineteenth century, the great importance and impact

that women, both individually and as a group had in the beginning, development and conclusion of the French Revolution.

Key words: Madame de Staël, Jules Michelet, Women, French Revolution

Introdución

Sen a implicación das mulleres, a historia estaría incompleta, pero a súa historia estivo inicialmente ausente da investigación histórica ao ser considerada de menos importancia ou como tema paralelo e secundario da historia xeral e especificamente en comparación coa referida aos homes, debatida “entre moi varios sistemas de exclusión de tolerancia e actualmente de banalización dos que parece importante dar conta”¹.

Tendo a Historia das mulleres a súa orixe especialmente ao longo da segunda metade do século XX, en consonancia cos novos intereses da sociedade, así como de obras como *Le deuxième sexe* de Simone de Beauvoir- tomou impulso durante a década dos anos setenta grazas ao xurdimento dunha renovación E “do cuestionamento ligado á crise dos sistemas de pensamento”²; en aquel momento naceron tamén disciplinas históricas como os estudos da historia das mentalidades, e movementos sociais como o feminismo comezaron a adquirir cada vez máis forza na sociedade. Autores como Georges Duby e Michel Foucault, neste contexto, considerarán nos seus traballos novas visións e perspectivas da historia. Así, a historia das mulleres aséntase como rama histórica grazas á renovación das mentalidades e o cambio de intereses de estudo da sociedade, converténdose “nun aditivo á historia xeral”³, e dende o seu inicio, os estudos arredor desta, especialmente dende a visión e consideración das mulleres estudadas, evolucionou e sobre todo incorporou as aportacións da socioloxía e da historia social. En fin, “comezou por unha historia das mulleres vítimas para chegar a unha historia das mulleres activas, nas múltiples interaccións que orixinan os cambios”⁴. Dáse a

¹ Farge, Arlette, “Historia de las Mujeres. Cultura y poder de las mujeres: ensayo de historiografía”, *Historia Social*, nº 9, 1991, p. 79

² Perrot, Michelle, *Mi historia de las mujeres*, trad. de Mariana Saúl, Fondo de Cultura Económica, Buenos Aires, 2008, p. 22

³ Farge, Arlette, “Historia de las Mujeres...”, p. 80

⁴ Perrot, Michelle, *Mi historia de las mujeres...*, p. 17. Bolufer Peruga, Mónica, *Mujeres y hombres en la historia. Una propuesta historiográfica y docente*, Granada, Ed. Comares, 2018.

circunstancia de que a historiografía francesa foi bastante reacia a incorporar a historia das mulleres: a escola de *Annales* privilexiaba a historia das clases sociais e polo tanto, non admitiu con facilidade outro tipo de perspectiva, como moi ben sinalou Serrana Rial⁵.

Así estaban as cousas nos anos anteriores á celebración do Bicentenario da Revolución francesa, ocasión senlleira que impulsou a apertura de novos estudos, fondos debates internos sobre o sentido daquel feito e a revalorización de moi diversas perspectivas de análise. Nese contexto historiográfico, estaba claro que ata entón dominara a marxinação das mulleres na Revolución, arrastrada ao longo deses dous séculos. Non é que estiveran ausentes: o malo é que a súa presenza e participación eran vistas como algo anecdótico e como elementos desestabilizadores, máis que como axentes históricos. Isto obedecía a que o concepto de cidadanía acuñado pola Revolución se refería case exclusivamente aos homes.

Historiadoras como Joan Wallach Scott, Lynn Hunt ou Dominique Godineau transformaron durante estas décadas a forma en que entendemos a Revolución dende unha perspectiva de xénero, con obras como *Gender and the Politics of History* (1988)⁶ ou *Only Paradoxes to Offer: French Feminists and the Rights of Man* (1996)⁷; *The Family Romance of the French Revolution* (1992)⁸, e *Citoyennes tricoteuses. Les femmes du peuple à Paris pendant la Révolution française* (1988)⁹.

Con todo, non deixan de existir obras, especialmente arredor da Revolución francesa, escritas sobre ou mesmo por mulleres, esenciais para o estudo e coñecemento da implicación feminina neste elemental proceso histórico¹⁰. Escritos, tanto durante a

⁵ Rial García, Serrana, “Una mirada a la evolución historiográfica de la historia de las mujeres”, *Semata: Ciencias sociais e humanidades*, 20, 200, (Exemplar dedicado a: En femenino : voces, miradas, territorios / coord. por Montserrat Villarino Pérez, Ofelia Rey Castelao, Rocío Sánchez Ameijeiras), pp. 155-188.

⁶ Nesta obra, Joan Wallach Scott formula a súa definición de "xénero" como unha categoría útil para a análise histórica. Aínda que non está centrada só na Revolución Francesa, dedica parte importante a analizar como o concepto de xénero permite revisar os relatos tradicionais sobre este período.

⁷ A mesma autora estuda o paradoxo de como as mulleres foron excluídas dos dereitos do home durante a Revolución, a pesar da súa participación activa.

⁸ Neste libro, Lynn Hunt explora como as representacións culturais e familiares inflúen nas ideas políticas da Revolución. Analiza imaxes, novelas e discursos revolucionarios desde unha óptica que combina historia cultural e perspectiva de xénero.

⁹ A obra de Dominique Godineau analiza a participación das mulleres populares (non só burguesas) nos acontecementos revolucionarios e mostra como foron progresivamente excluídas da esfera política, tratándose dun traballo pioneiro na visibilización das mulleres na Revolución.

¹⁰ Brive, Marie-France (ed.), *Les femmes et la Révolution française : actes du colloque international, 12-13-14 avril 1989*, Toulouse, Presses universitaires du Mirail, 1989.

propia etapa revolucionaria, por aqueles que a viviron e que participaron nela, ou por historiadores decimonónicos, que, pola proximidade temporal, mostraron interese en retratar os acontecementos con intención de realizar unha análise histórica e retratar unha imaxe máis ampla e xeral dos acontecementos e as súas relacións.

Así, neste traballo preténdese realizar unha análise de dúas visións, tan similares coma diferentes, do papel das mulleres durante a Revolución francesa mediante unha lectura intensa e comparativa de dúas obras ben coñecidas. *Réflexions sur le procès de la Reine* (1793) escrita por Madame de Staël, unha dama ilustrada de grande influencia na etapa revolucionaria, e *Les femmes de la Révolution* (1854), de Jules Michelet, historiador francés. Os dous abordaron este tema como principal nas súas dúas obras, mais que o interpretaron e desenvolveron de maneiras diferentes, non só debido ás condicións e contextos diversos nos que se sitúan, sendo unha muller e un home, e pertencendo cada un a etapas cronolóxicas diferentes, mostrando así a evolución dos escritos sobre este tema, dende o momento de desenvolvemento dos acontecementos, dentro da propia Revolución, ata as décadas seguintes, período de asentamento e estudos en detalle sobre estes esenciais e paradigmáticos acontecementos.

1. Madame de Staël

Anne-Louise Germaine Necker, máis coñecida como Madame de Staël, naceu en París o 22 de abril de 1766 no seo dunha familia ilustrada. Filla de Jacques Necker, ministro de Finanzas de Luís XVI, e de Suzanne Curchod, muller de gran influencia nos círculos intelectuais da época, Madame de Staël medrou nun ambiente privilexiado que favoreceu a súa educación e o seu contacto coas correntes de pensamento máis avanzadas do século XVIII¹¹. É importante, ademais, sinalar que é unha figura moi ben estudiada en España grazas a dúas autoras pioneiras do feminismo: María Victoria López Cordón e Isabel Morant Deusa.

Desde nova, Madame de Staël destacou pola súa brillantez intelectual e pola súa capacidade de análise política e filosófica. Foi unha das figuras centrais do Iluminismo

¹¹ Gimeno de Flaquer, Concepción, “Madame Roland y Madame Staël”, Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, https://www.cervantesvirtual.com/obra-visor/madame-roland-y-madame-stael-997640/html/343c93ee-c76f-440a-bf95-9477232d10ba_2.html#I_0

tardío e do inicio do Romanticismo, converténdose nunha ponte entre ambos movementos. A través dos seus escritos e no seu salón literario en París, reuniu aos pensadores máis influentes do seu tempo, como Benjamin Constant, Chateaubriand ou August Wilhelm Schlegel. Pero neste salón que dirixía, a súa tarefa non se limitaba simplemente a ser a anfitriona e xestionar as reunións, senón que ocupaba un lugar central nestas, introducindo as súas ideas, impulsada polos acontecementos políticos que estaban a suceder no momento. “Ela non se vía como novelista, non se contentaba con escribir novelas [...] o seu posto estaba entre os críticos e os escritores políticos, os moralistas e os historiadores”¹².

A súa obra máis coñecida, *De l'Allemagne (Sobre Alemaña, 1810)*, ofrece unha análise profunda da cultura alemá, poñendo en valor a filosofía e a literatura dese país e promovendo unha visión máis aberta e plural da cultura europea. Esta obra foi destruída por Napoleón en 1810, que vía nela unha ameaza á súa autoridade, xa que Madame de Staël era unha fervente defensora da liberdade de pensamento, e polo tanto, perigosa para o réxime¹³. Tamén foi unha figura política activa. Tras ser forzosamente exiliada do seu país durante a Convención, escribir sería a única vía pola cal podería seguir intervindo e influíndo nas ideas, política e realidade parisiña “Quen pode vivir, quen pode escribir nestes tempos e non sentir e pensar sobre a revolución en Francia!”¹⁴.

Nos seus escritos, esta autora reflexiona sobre os costumes, o progreso e felicidade dos individuos, das sociedades e dos países; integrando tamén reflexións e críticas sobre como esta constitución da sociedade afecta ás mulleres, impondo obstáculos ao seu destino, e asignándolles un papel que cumprir na sociedade, véndose estas reflectidas en obras como *Delphine* (1802) e *Corinne ou l'Italie* (1807). “O seu pensamento sobre a modernidade deseña un modelo de vida feminina xunto aos desexos e inclinacións das mulleres que, como ela mesma, fixeron súas as promesas da Ilustración, os beneficios do

¹² Morant Deusa, Isabel: “Madame de Staël. Opinión de las mujeres”, en Gloria Ángeles Franco Rubio, Inmaculada Arias de Saavedra Alías, Ofelia Rey Castelao (coord.) *El telar de la vida: tramas y urdimbres de lo cotidiano: Maneras de vivir en la España moderna*, Gijón, ediciones Trea, 2021, citando a Simone Balayé p. 343.

¹³ Bertaux, Pierre, “Madame de Staël, la «poule aveugle»”, *Allemagne d'aujourd'hui*, nº 97, 1986, pp. 100-110.

¹⁴ Morant Deusa, Isabel: “Madame de Staël. Opinión de las mujeres...”, p. 334.

saber e o recoñecemento que este comporta, así como unha xestión máis amable e xusta dos sentimentos e do amor nas relacións dos sexos”¹⁵.

Faleceu en París o 14 de xullo de 1817, deixando un legado que influíu profundamente na política, a literatura e a filosofía europea do século XIX, destacada polas súas aportacións en favor das mulleres e da súa igualdade nunha sociedade intrinsecamente desigual e misóxina.

1.1. Reflexións sobre o proceso da Raíña

As súas *Réflexions sur le procès de la Reine* (Reflexións sobre o proceso da Raíña¹⁶) foron publicadas en 1793 de forma anónima. Aínda que pola súa extensión, a forma de escritura e a linguaxe persuasiva clasificaríano como un panfleto, o certo é que esta obriña adquiriu unha importancia substancial. Isto débese tanto ao escenario intenso e trágico do que xurdiu – o xuízo a María Antonieta –, como á da identidade da súa autora. O importante papel de Madame de Staël na vida parisiense durante a era revolucionaria non a protexeu da ira das faccións radicais, especialmente tras este escrito, o que a levou ao exilio en Suíza. Non obstante, o texto vai máis aló dunha simple declaración política. Serve como defensa contra o uso da difamación como unha ferramenta para axitar o sentimento público, así como unha exposición da misoxinia subxacente nas acusacións formuladas contra a raíña.

1.1.1. A idea política reflectida na súa obra

Para poder comprender as ideas que Madame de Staël plasma nos seus escritos, é preciso coñecer o contexto no que naceu e se desenvolveu. Así, xa brevemente reducida a súa biografía, é evidente ver como as súas orixes aristocráticas marcan de forma moi significativa a súa concepción da vida pública: elitista, os seus hábitos e as súas amizades,

¹⁵ Morant Deusa, Isabel: “Madame de Staël. Opinión de las mujeres...”, p. 336.

¹⁶ En canto ás citas referidas a esta obra, realizáranse de dúas maneiras diferentes. Utilizárase a introdución escrita por María Victoria López-Cordón Cortezo da edición traducida ao castelán (Madrid, Abada Editores, 2013); e para as citas referidas á autora e texto principais, recóllese a edición orixinal en francés (París, Éditions du Boucher, 2002).

realistas e contrarias ao réxime revolucionario¹⁷, o que sempre lle provocaron disidencias, desconfianzas e enfrontamentos co goberno revolucionario.

Porén, nunca foi defensora do antigo réxime, sendo as súas ideas liberais. Era consciente dos límites desta sociedade estamental e da inxustiza dos excesivos privilexios, considerando corrupta a vella aristocracia, e, sobre todo nos últimos anos do réxime revolucionario, aos revolucionarios ennobrecidos. Así, grazas á formación ilustrada que recibiu, rodeándose ademais cos altos berces da sociedade liberal parisina, compartindo ideas nos populares salóns, foi sempre respectuosa co modelo monárquico, mais defendendo un modelo de amplas liberdades, a imitación do británico, cun equilibrio entre o poder real e un parlamento representativo (así, non dubidou en defender ou apoiar aos monarcas se na súa situación atopaba unha inxustiza)¹⁸. Mantívose monárquica moderada tamén durante a Convención, etapa que criticou moito nos seus escritos, incluído no que este traballo está a analizar, polo camiño violento e radical cara o que se estaba a dirixir baixo o mando de Robespierre, e as inxustizas morais que cometían as autoridades.

Non obstante, sempre se mantivo en defender a necesidade da revolución, incluso durante o Terror (lamentando que esta “chegara demasiado cedo sen que as luces tiveran tempo de estender os seus efectos beneficiosos deixando intactas as formas de violencia popular e os prexuízos dos dirixentes”¹⁹), defendendo así as bases ideolóxicas que a rodeaban; a liberdade, o equilibrio de poderes, e a evasión da ditadura dun home ou dun grupo sobre os demais.

Foi a partir de 1794, despois da execución do Rei e do terror de Robespierre, no directorio, cando comeza a achegarse ás ideas republicanas, entón partidaria dunha república representativa, que fora, ás súas palabras, “capaz de salvagardar o espírito das luces”; favorable á adquisición da plenitude de dereitos por parte de toda a poboación,

¹⁷ López-Cordón Cortezo, María Victoria, “Introdución” a *Reflexiones sobre el proceso de la Reina*, Abada editores, Madrid, 2013, pp. 30-47.

¹⁸ Necker, Germaine, *Réflexions sur le procès de la Reine*, Éditions du Boucher, Paris, 2002, p. 17.

¹⁹ López-Cordón Cortezo, María Victoria, “Introdución” a *Reflexiones sobre el proceso de la Reina...*, p. 50, citando as palabras de Madame de Staël.

tendo só a relixión como moral e influencia, aínda que nunca chegou a descartar a idea da instauración dunha monarquía constitucional posteriormente²⁰.

Así, é posible ver tamén como ían mudando as opinións e ideas dos escritores e intelectuais da época, que se adaptaban aos acontecementos que se ían desenvolvendo no momento.

1.1.2. Crítica ao goberno do terror

Madame de Staël, a pesar de poder defender un sistema monárquico, e, en diversas situacións, aos propios monarcas, non sentía ningunha simpatía por eles²¹, especialmente non sendo realista ela mesma, senón que os seus escritos terían relación coa súa visión da mellor e máis liberal forma de goberno, así como a súa loita contra a inxustizas morais e xurídicas que viviran membros da realeza. Así, aínda que a raíña era allea ás súas preocupacións intelectuais, sen ter ningunha relación con ela²² (e, de feito, tendo a raíña expresado desconformidade e rexeitamento cara o propio Necker e á súa filla), Madame de Staël non dubidaría en escribir e publicar este escrito á vista da situación que se estaba a desenvolver a partir da morte do rei e o xuízo á raíña, que consideraba innecesario e inxusto.

Así, a principal idea arredor do escrito *Reflexións sobre o proceso da Raíña*, é, non só a defensa de María Antonieta ante o seu xuízo, senón tamén a forte crítica cara o goberno revolucionario de 1793, a Convención.

Madame de Staël, aínda que afín a moitas das reformas políticas e xurídicas desenvoltas polos constituíntes, viuse decepcionada e afastada dos ideais revolucionarios co progresivo protagonismo extremista que estaba a tomar o goberno. Tendo que marchar exiliada ao correr perigo polas súas amizades realistas e menos simpatizantes coa Revolución “esta vez non para salvar a súa reputación, senón a vida”²³.

Foron estes principios tiránicos que comezaría a aplicar o réxime o que a levarán a afastarse deste e a críticoalo nos seus escritos, mantendo firmemente a defensa da liberdade civil e da crítica da violencia e privilexios. Algúns destes, como mesmamente

²⁰ López-Cordón Cortezo, María Victoria, “Introdución” a *Reflexiones sobre el proceso de la Reina...*, pp. 31-48.

²¹ Necker, Germaine, *Réflexions sur le procès de la Reine...*, p.4.

²² López-Cordón Cortezo, María Victoria, “Introdución” a *Reflexiones sobre el proceso de la Reina...*, p. 11.

²³ *Ibid.*, p. 27.

as *Reflexións*, aínda que foron publicados anonimamente, as autoridades non tiveron ningunha dúbida sobre a orixe da súa autoría, provocando, como consecuencia desta mesma obra, un conflito na embaixada de Suecia, que ameazaría cunha liorta internacional.

Denunciaba nestes escritos os excesos que estaba a cometer a Convención, a cal perdera o respecto pola humanidade e xustiza, véndose esta situación perfectamente reflectida na situación que comenta neste mesmo título, o proceso e posterior execución da raíña, símbolo da caída dos valores morais e da orde social; gañando a propaganda, a mentira e a inxustiza. Acusa á República, que, a pesar de nacer das luces e da ilustración, os homes que a compoñían lles negaran estas ás mulleres²⁴.

Desta forma, Madame de Staël escribe *Reflexións sobre o proceso da Raíña*, non como defensa da raíña e dos valores da monarquía (xa que ela mesma non era realista), senón para utilizalo como pretexto para realizar unha profunda crítica do camiño que o réxime do Terror estaba a tomar.

Con este escrito quixo poñer en relevo a dobre moral do réxime, usando á raíña como chibo expiatorio, como culpable dos problemas de Francia, buscando a complicidade da opinión pública, sendo esta un obxectivo máis vulnerable pola súa condición como muller²⁵. Destaca así a inxustiza á que se estaba a someter a María Antonieta, e utiliza o mesmo método que o réxime: a apelación aos sentimentos da poboación, especialmente das mulleres francesas, sinalando a parcialidade da Convención, que se deixara levar polo rancor e polos prexuízos contra a monarca, describindoa como esposa infiel, nai corruptora e inimiga de Francia, condenándoa moralmente polo seu comportamento, impropio dunha soberana; sen importar as consecuencias que isto podería chegar a ter²⁶.

Así, Madame de Staël, considerando esta situación tiránica e inxusta, defende a María Antonieta ao longo deste escrito, loándoa pola súa personalidade, as súas boas accións e bondade como muller, como exemplo de coraxe feminino²⁷, intentando loitar

²⁴ Morant Deusa, Isabel: “Madame de Staël. Opinión de las mujeres...”, p. 336.

²⁵ Necker, Germaine, *Réflexions sur le procès de la Reine...*, p. 13.

²⁶ López-Cordón Cortezo, María Victoria, “Introdución” a *Reflexiones sobre el proceso de la Reina...*, p. 12.

²⁷ Necker, Germaine, *Réflexions sur le procès de la Reine...*, p. 6-10.

contra o rancor *robesperriano*, apelando aos sentimentos da poboación, á empatía das nais, ás que invitaba a entender a situación da raíña e dos seus fillos, describíndoa como vítima da violencia revolucionaria inxustificada.

1.1.3. Ser muller na Revolución Francesa

Estreitamente relacionada con estas primeiras ideas que nos aporta a obra, Madame de Staël utiliza este recurso, ademais da propia situación que analiza e describe, para reflexionar sobre a propia condición feminina, sobre a vulnerabilidade das mulleres na sociedade francesa, e, sobre todo, en tempos de crise política. Sinalou así, que en contextos de violencia, as mulleres eran dobremente vítimas; pola súa posición política, e, sobre todo, por ser muller²⁸. Con isto, denuncia a evidente misoxinia detrás das acusacións e proceso á raíña.

Sendo Madame de Staël a muller de letras que era, confiada nas ideas ilustradas, de progreso e avance, fai unha forte crítica aos homes que propoñían e difundían estas ideas debido ás súas accións contra as mulleres; menosprezándoas e impedíndolles calquera tipo de oportunidade, disuadíndoas de intentar elevarse a través dos seus coñecementos, coa fin de conservar a súa situación como “escravas”²⁹ (cómpre exemplificar isto mesmamente mediante o caso da nai de Madame de Staël – Suzanne Curchod –, muller que tamén tiña grandes aptitudes para a escritura, pero que o seu marido nunca lle permitiu desenvolver no público, xa que nunca chegou a publicar nada), mostrando así unha visión pesimista sobre o destino das mulleres, consecuencia, non só da “debilidade de carácter dos homes, que lles impide facer fronte ás presións do seu entorno e ser consecuentes cos seus propios impulsos”³⁰; senón tamén mesmamente das formas de goberno. Se durante o Antigo Réxime existiran mulleres ilustradas que exercían unha certa influencia na opinión, a novidade revolucionaria non mellorara esta situación, máis ben ao contrario; ocupárase de que estas deixaran de ter influencia, afastándoas da posibilidade de formación, reducindo así a súa participación na vida pública. “Seguen sometidas ao dominio da opinión pública, escrita con maiúsculas, que lles impide pensar

²⁸ Necker, Germaine, *Réflexions sur le procès de la Reine...*, p.11.

²⁹ Morant Deusa, Isabel: “Madame de Staël...”, p. 335.

³⁰ López-Cordón Cortezo, María Victoria, “Introdución” a *Reflexiones sobre el proceso de la Reina...*, p. 55, citando as palabras de Madame de Staël.

con liberdade sobre o destino que desexan, de tal modo que cando algunha pode distinguirse polas súas habilidades intelectuais ou a súa elocuencia, atopa sempre o obstáculo da opinión social: o ridículo nas monarquías e o odio na República”³¹. Isto é dicir, nas monarquías, calquera muller que expresara as súas ambicións ou preocupacións intelectuais, era desprezada, ridiculizada por intentar “satisfacer a súa vanidade”, atopando sempre a opinión pública na súa contra. No caso da república, as normas morais, que as levan a manterse nos seus fogares, ao cargo das súas familias, non lles permiten unha maior liberdade. Ante esta grande adversidade, propón unha solución: a educación³².

Ante esta situación, a defensa de María Antonieta no escrito non é por ser raíña de Francia, senón por ser muller; deféndeala ante a inxustiza á que é sometida pola súa condición feminina. As mulleres, ante situacións xudiciais e imputacións mal intencionadas, atopábanse indefensas; ao contrario dos homes, carecían dos medios para defenderse ante acusacións falsas e demostrar a súa inocencia. A opinión pública estaba destinada a agredir á muller, a culpala e utilizala como chibo expiatorio. Dende a perspectiva privilexiada, pero de muller de Madame de Staël, é posible apreciar en maior medida como esa inxustiza, sobre todo neste ámbito da elite parisina, onde se atopaban aquelas mulleres máis formadas e ilustradas, onde a misoxinia se mostraba desta maneira, mediante impedimentos, indefensión, e ataques por parte dos homes³³. Mantense na defensa das mulleres, distinguíndoas pola súa sensibilidade, que as inclina ao amor e á compaixón – mais que non as afasta da razón e ao intelecto, e que, de feito, as conduce á perfección –, sendo capaces de completar e aportar á moralidade masculina, e defende, que, se este apoio masculino existira, moitas máis mulleres optarían polo camiño da intelectualidade, contribuíndo ao progreso da sociedade³⁴.

Sabendo as súas limitacións tamén como muller, Madame de Staël non escribe a defensa da raíña dende unha perspectiva xurídica, senón apelando ao sentimento daqueles que o leran, de quen non estivera cegado pola violencia do momento, polas paixóns, e

³¹ Morant Deusa, Isabel: “Madame de Staël. Opinión de las mujeres...”, p. 335.

³² López-Cordón Cortezo, María Victoria, “Introducción” a *Reflexiones sobre el proceso de la Reina...*, pp. 58-59, citando a Madame de Staël en referencia á idea que defende en toda a súa obra.

³³ López-Cordón Cortezo, María Victoria, “Introducción” a *Reflexiones sobre el proceso de la Reina...*, pp. 63-64.

³⁴ Morant Deusa, Isabel: “Madame de Staël. Opinión de las mujeres...”, pp. 336-337.

polo odio incoherente cara a raíña; retratándoa como, non soberana, senón muller, nai, amiga, esposa, boa e misericordiosa, forte na desgracia, intentando rematar cos prexuízos que agravan a situación da soberana por ser muller, facendo as súas virtudes máis terrible aquilo que se quere facer na súa contra. E non é a súa condición como privilexiada a que a impulsa a realizar este escrito, senón o compromiso co seu sexo (xa que María Antonieta foi un dos grandes obstáculos que atopou Necker na súa carreira política); déixase levar pola admiración cara a dignidade da austríaca, sen situarse na súa completa e cega defensa, utiliza a razón, os valores e os sentimentos ao seu favor; aínda entendendo e percibindo como xusto o castigo cara o Rei, mais considerando inxusto e inútil o da raíña (xa que no primeiro, as acusacións centrábanse nas súas accións e erros como soberano, mais na segunda, o criticado era a vida persoal, e os comportamentos como muller que tivera a raíña)³⁵.

Este é, pois, o punto crucial da defensa de Madame de Staël: a denuncia dunha sociedade que non só castiga, senón que envilece, que permite destruír moralmente a unha muller sen que importe xa a súa responsabilidade política real, senón simplemente polo feito de ser muller. Porque o que verdadeiramente a indigna, como ela mesma sinala, non é só a inxustiza do proceso, senón que os ataques se centren na súa feminidade, na súa figura como esposa, como nai, como corpo exposto a escarnio público. O feito de que as mentiras e libelos servisen para excitar os ánimos dunha multitude que non tiña tempo nin ferramentas para discernir entre verdade e infamia, converte aos seus autores en criminais morais, cómplices dun linchamento simbólico e colectivo que se sabía, desde o inicio, brutal e irreversible. Non se trata só dun xuízo político, senón dun axustizamento da feminidade mesma.

E Madame de Staël sabía ben que non falaba ao baleiro: os seus lectores coñecían – ou polo menos recoñecían – os panfletos, as caricaturas, os retratos degradantes³⁶ que, desde a década dos anos 1780, foran transformando a María Antonieta nun monstro depravado³⁷. Ese odio non podía explicarse unicamente como rexeitamento á monarquía:

³⁵ Necker, Germaine, *Réflexions sur le procès de la Reine...*, p.11.

³⁶ Necker, Germaine, *Réflexions sur le procès de la Reine...*, p.9.

³⁷ López-Cordón Cortezo, María Victoria, “Introdución” a *Reflexiones sobre el proceso de la Reina...*, pp. 67-68.

era odio á muller poderosa e con influencia, á que ocupa un lugar que non lle correspondía segundo os valores da época. A violencia contra ela, revelaba un profundo compoñente misóxino que se intensificaba precisamente pola súa posición privilexiada. E por iso, mesmo nos eloxios que a propia Madame de Staël lle dedica, se mantén a insistencia no carácter feminino da raíña: é piadosa, compasiva e forte cando se trata de defender ao seu fillo, que sobrevive con dignidade, alimentada pola resignación e polo amor materno³⁸. A súa defensa de María Antonieta convértese, así, nunha defensa das mulleres, unha loita contra os prexuízos e as inxustizas cometidas contra elas só pola súa condición feminina.

1.1.4. Germaine Necker: defensora en momentos convulsos

Letrada, escritora, ilustrada e defensora das mulleres, desafiou aos homes de máis alto rango social, aos que non dubidou en criticar ante as inxustizas e desigualdades que admitían, nunha revolución que existía baixo o lema de Liberdade, Igualdade e Fraternidade, ao contrario da maioría das mulleres privilexiadas e letradas do momento, cuxo obxectivo era a lectura de obras de entretemento, máis que da escritura política – aínda menos na defensa dunha muller, poñéndose na contra do goberno –. Aínda no exilio non esqueceu o seu querido París, difundindo as súas ideas nos seus escritos. Como privilexiada, non dubidou en defender á raíña cando así o considerou necesario – era máis sinxelo para ela empatizar coa realeza e os seus problemas e angustias que co pobo, algo que ela mesma admite³⁹ –, desafiando así ao réxime do terror que se desenvolveu durante a Convención, aínda tendo como consecuencia conflitos entre o goberno e a embaixada sueca.

Con todo, e como xa se dixo, *Reflexions sobre o proceso da Raiña*, ao ser concibido e escrito como un panfleto, cunha extensión breve, resulta sinxelo na a súa lectura, facéndoo facilmente comprensible, especialmente a mensaxe que pretende transmitir, polo que non é sinxelo atopar elementos sobrance ou insignificantes, ao tratarse dunha redacción directa e concisa.

Porén, para realizar unha análise precisa e comprender completamente, non só as ideas que transmite Madame de Staël neste, senón tamén coñecer a quen dirixe as súas

³⁸ Necker, Germaine, *Réflexions sur le procès de la Reine...*, p. 18.

³⁹ Necker, Germaine, *Réflexions sur le procès de la Reine...*, p. 17.

críticas, así como o sentido da defensa á raíña, é preciso coñecer previamente o contexto que rodea á autora e o do momento histórico que vive, para así chegar a entender estes puntos xa tratados, xa que nunha primeira lectura, podería parecer que defende á raíña por ser realista, e que critica á Revolución en xeral e os ideais revolucionarios, mais sendo a realidade completamente diferente, ademais do propio contexto vital desta escritora, excepcional nalgúns aspectos. O seu pai, Jacques Necker sempre insistiu en darlle unha excelente educación, o que, a parte da mesma influencia que tivo o seu proxenitor nela e nas súas ideas políticas, moldeou a forma na que se desenvolveu como lectora e escritora. Non dubidou en realizar panfletos de natureza política, e non dubidou en defender os ideais que consideraba correctos para a sociedade; defendeu o “ser muller”, a pesar das consecuencias que estas críticas e declaracións podían ter – e tiveron – para ela, facendo do seu personaxe unha excelente mostra da independencia e influencia que podían chegar a ter as mulleres, no contexto adecuado, xa no século XVIII.

2. Jules Michelet

Jules Michelet, historiador e ensaísta francés, é recoñecido por ser un dos grandes narradores da historia de Francia e por contribuír a popularizar a escrita da historia como un relato accesible para o público xeral. Nado o 21 de agosto de 1798 en París, no seo dunha familia humilde. O seu pai, un impresor empobrecido durante a Revolución Francesa, tivo unha influencia decisiva na súa formación intelectual. Estudou no Lycée Charlemagne e despois na École Normale Supérieure, onde destacou polo seu talento académico.

No ano 1821 comezou a dar clases no Collège Rollin e pouco despois traballou nos Arquivos Nacionais de Francia, onde tivo acceso a unha gran cantidade de documentos históricos que marcarían profundamente a súa obra, adquirindo posteriormente unha cátedra adxunta a François Guizot na Universidade da Sorbona en París. O seu enfoque da historia era innovador: non se limitaba aos grandes personaxes e ás batallas, senón que se centraba no "pobo", nas masas anónimas que realmente constrúen a historia⁴⁰.

⁴⁰ Seznec, Jean, "Jules Michelet", *Enciclopedia Britannica*, <https://www.britannica.com/biography/Jules-Michelet>.

Entre as súas obras máis coñecidas atópanse *Histoire de France* (unha monumental historia de Francia en varios volumes) e *Histoire de la Révolution française*, onde reflicte a súa paixón pola liberdade e o progreso social, serie á que pertence precisamente *Les femmes de la Révolution*. Michelet, mediante estes escritos, mostra a súa visión da Revolución como unha loita entre a vida e a morte, a liberdade e a opresión⁴¹. Michelet tamén escribiu sobre a natureza e cuestións sociais. En obras como *La femme* e *L'amour*⁴², expresou visións románticas pero tamén paternalistas sobre a muller, reflectindo os prexuízos do seu tempo, os que amosaba mesmamente ao longo da súa obra.

Desde o punto de vista político, Michelet era republicano e anticlerical. Opoñíase ao autoritarismo de Napoleón III⁴³ e defendía con forza a liberdade de expresión e os ideais democráticos. O seu pensamento influíu nas xeracións posteriores de historiadores e escritores comprometidos co cambio social.

Faleceu o 9 de febreiro de 1874 en Hyères, Francia. O seu legado como "o historiador do pobo" segue a ser fundamental para comprender non só a historia de Francia, senón tamén a evolución da historiografía moderna.

2.1. As mulleres da Revolución

Foi así en *Les Femmes de la Révolution*, publicada en 1854, unha das obras máis destacadas do historiador, onde se centrou nos papeis influentes das mulleres durante os acontecementos da Revolución Francesa, ilustra as contribucións e impacto feminino na paisaxe socio-política da época, destacando o papel activo e clave desempeñado por algunhas mulleres como Olympe de Gouges, Théroigne de Méricourt, Charlotte Corday e a mesma Madame de Staël, entre outras. Mais non só chega a reflectir as accións destas principais figuras, senón que tamén destaca o espírito colectivo das mulleres implicadas nos grandes acontecementos, así como as consecuencias e impacto que a Revolución

⁴¹ Benavides Lucas, Manuel, "Michelet y la mujer", en Cinta Canterla (coord.), *La mujer en los siglos XVIII y XIX: VII Encuentro de la Ilustración al Romanticismo. Cádiz, América y Europa ante la modernidad*, Universidad de Cádiz, Servicio de Publicaciones, Cádiz, 1994, pp. 16-18.

⁴² Que escribe con inspiración da súa segunda muller, Athenaïs Mialaret, trinta anos menor que el. Benavides Lucas, Manuel, "Michelet y la mujer...", p. 15.

⁴³ Benavides Lucas, Manuel, "Michelet y la mujer...", p. 15.

supuxo nas súas vidas e nas diversas maneiras nas que se involucraron, xa fora como militantes, escritoras, artistas ou vítimas.

Así, esta obra ofrece unha visión valiosa da contribución das mulleres nun momento chave da historia francesa dende un ton que subliña o enfoque da narrativa nas súas contribucións, sacrificios e o espírito loitador que exemplificaron durante un momento tumultuoso da historia francesa.

2.1.1. As mulleres como detonantes da Revolución

O papel das mulleres na Revolución foi esencial e determinante, non só para o mesmo inicio desta, senón para o seu desenvolvemento, algo que o mesmo Michelet considera xa dende os primeiros capítulos do libro. Non só polo descontento que a poboación estaba a amosar xa dende as guerras da fariña, destacando as protestas femininas, debido a unha razón esencial: a falta de alimentos. As mulleres eran as encargadas de criar aos seus fillos, e de alimentar ás súas familias, que eran a súa responsabilidade, sendo así máis castigadas pola miseria que os homes. Ante a falta de alimento, non tendo nin sequera acceso ao pan, ademais da proximidade dunha posible guerra, foron as que sentiron unha maior necesidade pola revolución.

É precisamente esta maternidade e humanidade as que, segundo o historiador francés, as impulsou a querer cambiar a súa situación, na pretensión de que os seus fillos puideran vivir ben e en liberdade.

Por este mesmo motivo é polo que, aínda que os homes foran os que tomen a Bastilla o 14 de xullo de 1789, foron as mulleres as que conquistaron o poder real, depositándoo nas mans dos revolucionarios o 6 de outubro deste mesmo ano.

Estas mulleres non eran as nobres dos palacios, nin as ilustradas escritoras, críticas co Antigo Réxime; eran as comerciantes, traballadoras dos mercados, as que toman as armas e tambores, e arrastran consigo a outras mulleres – ameazándoas con arrincarlles os cabelos – ata o palacio de Versalles. “Só en Francia suceden estas cousas. As francesas teñen fama de valorosas e sono”⁴⁴. Foron algunhas delas, as mulleres máis pobres, as preocupadas pola situación das súas familias, a vangarda da revolución, as que decidiron

⁴⁴ Michelet, Jules., *Las mujeres de la Revolución*, trad. e prólogo de Francisco Cañamaque, Librería de Anllo y Rodríguez, Madrid, 1877, p. 19.

entrar á acción, movidas pola fame, pola desesperación; e non foron menos de catrocentas as que acudiron, aproveitando que a cabalaría non as atacaba por seren mulleres.

Aquelas que non se moveran, vendedoras, porteiras e mulleres públicas, realistas, que empatizaban co rei, ás que Michelet describe como masculinas, non eran as que máis sufriran pola pobreza, mais vían a miseria en primeiro plano. Así, o historiador afirma que, a pesar de non ser revolucionarias, eran bondadosas e tiñan un bo corazón⁴⁵.

Porén, tamén nos capítulos reflicte unha realidade diferente. O caso da Guerra da *Vendée*⁴⁶, onde, entre o bando contrarrevolucionario, era posible atopar mulleres, que tomaron as armas na contra da revolución. As motivacións que levaron a este grupo – composto por campesiños, pequenos nobres e propietarios con vínculos coa Igrexa – a armarse na contra do proceso, foron a cuestión relixiosa (xa que a Revolución, non só pechara conventos e mosteiros, senón tamén obrigaba aos sacerdotes a xurar fidelidade ao Estado e non ao Papa), e a fidelidade á monarquía (aumentando esta desconformidade sobre todo despois da execución do rei, entre outras⁴⁷).

Non só veremos ás mulleres involucradas neste episodio inicial, senón que estiveron presentes durante todo o desenvolvemento da revolución. Un exemplo sería o caso de Jean Henri Latude, encarcerado durante anos na Bastilla. Non foi ata que Madame Legrós se compadeceu por el e decida intentar liberalo, xunto co apoio de outras mulleres, como Madame Duchesne, que sentiron do mesmo modo empatía pola súa situación⁴⁸, que conseguiu, tras unha longa loita, acudindo a toda posible figura relevante, incluído o propio rei, que este mesmo firmara un indulto en 1784; acto que tería grandes consecuencias, xa que o rei perdería influencia sobre a Bastilla. “Madame Legrós non puido asistir á ruína da Bastilla porque morrera antes, pero non é dado arrebatarlle a gloria de ter sido ela, só ela, a causa da súa destrución”⁴⁹.

⁴⁵ Michelet, Jules., *Las mujeres de la Revolución...*, p. 23.

⁴⁶ Denominada así porque tiveron lugar na rexión co mesmo nome, a Vendée, situada no noroeste do país.

⁴⁷ Cutillas Victoria, Benjamín, “¡Arrasar la Vendée! Guerra Civil y Columnas Infernales en pleno corazón de la Revolución Francesa”, *Panta Rei. Revista Digital de Ciencia y Didáctica de la Historia*, 2014, pp. 42-44.

⁴⁸ Michelet, durante a obra, insiste no carácter emocional e empático das mulleres, provocando que xustifique na empatía as accións das mulleres, como esta mesma.

⁴⁹ Michelet, Jules., *Las mujeres de la Revolución...*, p. 12.

E sendo Madame Legrós unha costureira, que vivía do seu traballo, pobre, mais demostrando o que Michelet quere enfatizar sobre as mulleres que se involucraron nos acontecementos revolucionarios, valentía e paixón pola xustiza, a diferenza dos homes, máis indiferentes ante estas situacións. Retratou a Legrós como unha heroína, que, grazas á súa incesante loita, consegue salvar a Latude da inxustiza na que vivira durante anos. “Espectáculo grandioso contemplar a unha muller pobre, mal vestida, chamar de porta en porta, adular aos criados para ser admitida nas casas, defender a súa razón ante os grandes e implorar o seu auxilio!”⁵⁰. Se unha muller “débil”, sen poder, fora capaz de debilitar a forza da Bastilla - símbolo de Francia, da monarquía, do absolutismo e da crueldade -, unha revolución non era impensable.

Desta forma, Michelet, ao longo do libro, fala das diversas implicacións de mulleres en acontecementos que se levaron a cabo durante os anos da revolución; aborda figuras específicas, accións grupais, vítimas, perpetradoras, mozas e anciás. Descríbeas como seres emocionais e apaixonados, a diferenza dos homes, aos que asocia coa razón e a política.

2.1.2. Vítimas e culpables

Como participantes, as mulleres tamén remataron sendo vítimas da revolución, especialmente durante a Convención, momento máis radical e intransixente.

Non só atopamos vítimas como María Antonieta, ou mulleres nobres, executadas polas súas posicións de privilexiadas, mais tamén é posible atopar casos como o das mulleres da *Vendée*. Non só son vítimas da propia guerra, de episodios como as masacres denominadas “*colonnes infernales*”⁵¹, mais tamén se as culpa por esta guerra afirmando que sen elas “a república teríase constituído xa e estaríamos tranquilos”⁵², son xulgadas pola súa participación ou apoio aos contrarrevolucionarios, sendo moitas delas finalmente executadas.

En relación coas mulleres executadas, maioritariamente durante o período da Convención, atopamos tamén diversos casos, asociados a diferentes motivos, mais todos rematando no mesmo destino: a execución. Michelet considera estas terribles, a maioría

⁵⁰ Michelet, Jules., *Las mujeres de la Revolución...*, p. 8.

⁵¹ Cutillas Victoria, Benjamín, “¡Arrasar la Vendée!...”, pp. 41-42.

⁵² Michelet, Jules., *Las mujeres de la Revolución...*, p. 114.

de veces innecesarias, que “mataban a República”. O xesto de asasinar a unha muller, ás que, nun principio na marcha a Versalles, os gardas nin se atrevían a tocar pola súa condición feminina, sempre consideradas case infantís, demostraba un cambio, non só da moral, senón dos principios do grupo gobernante. O terror de Robespierre non perdoaba a ninguén se se consideraba traidor, fora home ou muller, remataría executado. O historiador francés, nunha consideración romántica e paternalista, describe esta acción como errónea, xa que, aínda que foran culpables de igual maneira que os homes, "Un goberno que comete esa torpeza, guillotínase a si mesmo [...] En toda a revolución véxoas violentas, intrigantes, moitas veces máis culpables que os homes. Pero cando se as fire, fírese un mesmo. Quen as castiga, castígase. Todo o que fagan, baixo calquera aspecto que apareza, prostituíndo a xustiza ou destruíndo as ideas, é censurable; mais se son novas, non é posible castigalas. Por que? Porque significan amor, dita, fecundidade. Tampouco é posible castigar ás anciás. Por que? Porque son vellas, é dicir, porque foron nais, porque son sagradas, porque os seus brancos cabelos son como os da nosa propia nai. Están en cinta...? Ah! Aquí si que a pobre xustiza non se atreve a dicir unha soa palabra, aquí ten que cambiar, que humillarse, que facerse inxusta se é preciso. É un poder que desafia a lei: se a lei se obstina, tanto peor. Desprestixiarase cruelmente, aparece horrible, impía, inimiga de Deus!"⁵³

Mediante esta defensa, Michelet non fai máis que considerar ás mulleres como dependentes dos homes, igualándoas ás condicións de eternamente menores, de vítimas, de protexidas, e non de adultas, de revolucionarias, de políticas, de asasinas, de violentas, como poderían chegar a ser se tiveran nacido co sexo contrario. Mais algo que non nega é a grande influencia que as mulleres acadaban “inmensa, e as máis das veces, fatal”⁵⁴ como consecuencia das súas execucións, desembocando, algunhas nun crecente apoio ás visións contrarrevolucionarias. Sagradas, intocables, incluso facendo á xustiza inxusta, situación contra a que elas mesmas loitarán; querían obrar e sufrir as consecuencias dos seus actos.

Así, o francés retrata ás executadas, como Charlotte Corday – asarina de Marat – Madame Du Barry, ou Lucile Desmoulins como mártires, vítimas da violencia, causantes

⁵³ Michelet, Jules., *Las mujeres de la Revolución*, pp. 267-268.

⁵⁴ Michelet, Jules., *Las mujeres de la Revolución...*, p. 268.

dunha grande conmoción entre a opinión pública, sempre máis emocional e empática; que, á vista dunha muller desesperada, horripilada sendo arrastrada cara a súa morte, podía chegar a cambiar a visión das accións do goberno da Convención, radicais e violentas, movidas pola paixón e o amor⁵⁵.

Amosa ás protagonistas dos seus capítulos como seguidoras, que converten ás vítimas da revolución en mártires, ou aos líderes e partidos políticos en relixións (como vemos acontece con Robespierre), facilmente influenciábeles, ás que, un discurso sensible e entenedor podía facer cambiar de opinión. “Seguían de corazón a aquel cuxos costumes eran os máis dignos, de probidade mellor sentada e de máis alto ideal, ao que con tanta habilidade como valor se constituíra en aquela época en defensor das ideas relixiosas, atrevéndose en Decembro de 1792 a dar gracias á Providencia por ter salvado á patria”⁵⁶.

2.1.3. Perspectiva crítica sobre as mulleres

Outra característica destacada da obra de Michelet é a crítica e opinións que amosa sobre as figuras femininas da revolución. Esta visión de inferioridade das mulleres que reflicte na súa obra, defendendo que o sexo feminino non tiña capacidades políticas, e non debían sumirse nestas, debendo ser ámbito masculino exclusivamente, inflúeo a realizar críticas a aquelas mulleres, que, na súa consideración, estaban a intentar ter influencia na política do momento sen merecela.

O historiador arremete primeiramente contra as mulleres dos salóns, sendo estas algunhas das figuras máis influentes da sociedade parisina. Debido a que nestes clubs se discutían cuestións políticas e económicas, Michelet non aceptaba a conduta que estas tiñan, que consideraba equívoca⁵⁷, xa que, segundo o seu criterio, estas mulleres, que non só organizaban, senón que tamén chegaban a participar nos coloquios, actuaban como instrumentos de manipulación, o que levaba á sociedade a unha decadencia moral, manipulando aos homes “débiles de carácter”, facéndoos abandonar os seus principios ou ideais, deixando a un lado a razón e a moral, poñendo en perigo a mesma Revolución.

⁵⁵ Benavides Lucas, Manuel, “Michelet y la mujer...”, pp. 20-21.

⁵⁶ Michelet, Jules., *Las mujeres de la Revolución...*, p. 239.

⁵⁷ *Ibid.*, p. 214.

Así, ve a estas mulleres como entremetidas, como “sedutoras perigosas”, que utilizaban o amor⁵⁸ e a compaixón como arma, favorecendo a “decadencia política”, capaces de corromper ideoloxías e mesturar os espazos públicos e privados ata facer indistinta a verdade da manipulación⁵⁹.

De feito, non só criticou ás propias mulleres, senón que mesmo considera que os salóns eran espazos nos que se disolvían as fronteiras entre ideoloxías e clases sociais, así como entre a política e a economía, algo que, dende os seus propios ideais achegados aos da Revolución, resultaba un perigo moral e político. Estas ideas fanas evidentes expresións como “Triste escala na cal o máis elevado non é o mellor!”⁶⁰, denunciando que a sociedade valoraba máis o luxo ou o rango social, especialmente nestes salóns e nas altas esferas da sociedade, ca a virtude moral⁶¹, porén, sen chegar nunca a negar a esencial importancia que tiñan estes salóns como influencia revolucionaria, xunto con estas mulleres que os compoñían e rexentaban⁶².

Unha destas mulleres anfitriñas foi Madame de Staël, á cal Michelet dedicou un capítulo completo. Como a outras damas ilustradas, criticaraa, acusándoa de promover estes clubs, que se afastaban e desviaban ao círculo intelectual da verdadeira causa revolucionaria, ademais da realidade popular; vendo así os seus salóns como espazos onde a razón ilustrada e os intereses aristocráticos se mesturaban de forma sospeitosa, favorecendo posicións políticas como o moderantismo, o cal o historiador rexeitaba.

Non obstante, pese a esta crítica que fai, engadida á súa condición de muller (que rompe cos estereotipos defendidos polo francés, xa que sendo unha muller culta, influínte e con ambición política, interesada no cambio e na defensa da muller, non encaixaba no modelo feminino, pasivo e infantil idealizado por Michelet⁶³); non a reduce a unha figura

⁵⁸ Michelet, ao longo da súa obra, defende en reiteradas ocasións que o que move ás mulleres non é a razón, como aos homes, senón o amor; en ocasións algo positivo, facéndoas máis empáticas e solidarias, mais noutras, como neste caso, negativo, xa que as afastaba da boa política, e as incitaba á manipulación.

⁵⁹ Michelet, Jules., *Las mujeres de la Revolución...*, p. 216.

⁶⁰ Michelet, Jules., *Las mujeres de la Revolución...*, p. 214.

⁶¹ Benavides Lucas, Manuel, “Michelet y la mujer...”, p. 30.

⁶² Blanc, Olivier, “Cercles politiques et «salons» du début de la révolution (1789-1795)”, *Annales historiques de la Révolution française, La prise de parole publique des femmes sous la Révolution française*, n°344, 2006, p. 65.

⁶³ Grossman, Lionel, “Jules Michelet. Histoire nationale, biographie, autobiographie”, *Littérature*, n°102, 1996, pp. 52-53.

vil, como fixera na súa crítica ás señoras dos salóns. Admira a súa cultura e a súa independencia.

Desta forma, alagando a súa capacidade de influencia, alaba o grande impulso na revolución que, grazas a ela, dera o seu pai: “Baixo a inspiración da súa filla lanzouse no atrevido ensaio do sufraxio universal, medida audaz nun grande imperio e nun pobo tan atrasado, medida contraria de todo en todo ao seu carácter, e moi pouco conforme coas doutrinas que expuxera antes e despois”. Influencias e posicións políticas, que, porén, a fixeran inimiga da Xironda.

Con todo, para Michelet, todas estas calidades positivas que tiña Madame de Staël quedaran malgastadas pola desafortunada elección do seu círculo de influencia, así como dos ambientes intelectuais onde se desenvolvía, coa súa presenza nos salóns ilustrados, onde fixera amizades e tivera amantes que denominou como de “calidade inferior”. De feito, reflícteo na súa obra, escribindo: “En suma: muller excelente, de bo corazón, de grande talento, e que sen os salóns, sen as amizades inferiores, sen as miserias do mundo charlatán, do mundo escritor, quizais tería tido xenio”⁶⁴.

Porén, Michelet, aínda tendo esta visión sobre o rol das mulleres na sociedade, defendendo a “condena” que supoñían para a política revolucionaria, non deixa de ignorar a realidade de aquelas mulleres que se atreveran a integrarse na política⁶⁵. Así, amosa a difícil situación á que estas mulleres se enfrontaban, afirmando que se arriscaban moito máis que os homes; moito máis expostas á represión e abuso por ser consideradas o “sexo débil”, ao ser o grupo que máis capaz era de controlar o ánimo da poboación, de incitar entusiasmo, e de empatizar cos desfavorecidos. Reflicte esta situación, dádoa a coñecer nos seus escritos, ao non consideralo xusto (certamente pola súa visión infantilizada das mulleres), denominándoo como un “abuso maquiavélico”.

Outra figura que destaca pola súa presenza no escrito do historiador, é Olympe de Gouges, escritora recoñecida pola súa implicación no ámbito político da Revolución, autora da *Declaración dos Dereitos da Muller e da Cidadá* (1791). Ilustrada, chea de ideas xenerosas, segundo escribe Michelet, afirmando el mesmo que foi unha muller infortunada, mártir e xoguete da súa “inconstante sensibilidade”, defensora do dereito das

⁶⁴ Michelet, Jules., *Las mujeres de la Revolución...*, p. 76.

⁶⁵ Grossman, Lionel, “Jules Michelet. Histoire nationale...”, p. 34.

mulleres de participar na política (“teñen o dereito de subir á tribuna, posto que teñen o de subir ao cadalso”⁶⁶).

Porén, o ton condescendente das palabras de Michelet desvelan un certo rexeitamento ante o desenvolvemento político desta escritora. Móstrase crítico coas posturas que adquire ao longo da Revolución, apoiándoa no seu inicio, mais volvéndose realista o 6 de outubro (de novo, esta sensibilidade “propia das mulleres”, que a fan empatizar e ter esperanzas na acción do monarca), pasará a ser de novo favorable á República despois da fuga de Luís XVI, rematando por mostrar apoio ao rei durante o seu proceso, e rematar guillotinado pola Convención polos seus ideais moderados e oposición a Marat e Robespierre. “A piedade causoulle a morte. Cando veu ao rei na barra da Convención, republicana sincera, ofreceuse, non obstante, a defendelo. A oferta non se aceptou, e dende entón estivo perdida”, critica Michelet. Así, aínda que reconece a súa ilustración, competencia e boa intención, o historiador considerou que a súa grande influencia e interese pola política foi o que lle custou a vida.

2.1.4. Os nomes en feminino da Revolución

Con todo, Michelet dedicou así numerosas páxinas da súa obra a falar de diferentes figuras femininas coñecidas da Revolución; non só falando das súas orixes, implicación política e situación na sociedade, senón tamén afondando arredor das súas accións e as consecuencias que terían máis tarde, así como do seu aspecto físico, ámbito ao que lle dedicou unhas liñas ao falar de cada muller, considerando importante dar a coñecer a súa aparencia, unha calidade que, aínda que moitas veces non tida en conta, era realmente importante á hora de crear unha imaxe propia cara o público. As mulleres novas, agraciadas, adoitaban ser máis queridas, máis adoradas; sendo algunhas, como Charlotte Corday “nova, bela e republicana”⁶⁷, que, aínda tendo asasinado a Marat, despois da súa execución, rematou por converterse nunha mártir (en grande parte, pola súa acción, un golpe grande e intencionado cara os xirondinos, o que a converteu nunha heroína para aqueles que estaban na contra do Terror; aínda máis o feito da súa condición como muller nova permitiu que o pobo se compadecera máis por ela, e a considerara vítima máis que

⁶⁶ Afirmación que escribe Michelet en referencia aos escritos de Olympe de Gouges; defendía que as mulleres puideran asumir a consecuencia das súas accións políticas.

⁶⁷ Michelet, Jules., *Las mujeres de la Revolución*, p. 181.

agresora). Theroigne de Mericourt, unha das mulleres presentes o 6 de outubro, é eloxiada por Michelet, por apoiar a causa revolucionaria, e manterse na contra da monarquía, afirmando que ela, pola súa beleza, chegara a ser a imaxe mesma da liberdade. “O amor que esta muller viviu, non foi o amor dun home «aínda que pareza estraño nunha existencia semellante: é o amor da idea, o amor da liberdade e da Revolución»”⁶⁸.

Precisamente as diferencias entre as mulleres de diversas mentalidades e posturas políticas exponas mediante o caso das mulleres dos mercados, realistas na súa maioría (que, xunto coas campesiñas, adoitaban representar o carácter máis tradicionalista dentro do sector feminino da poboación), responsabilizaban da súa ruína ás damas pertencentes ás sociedades de mulleres, creando diversos conflitos entre ambos grupos, chegando incluso á violencia física⁶⁹.

Con todo, esta visión de Michelet está profundamente marcada pola mesma lectura crítica e xulgadora do papel feminino nos acontecementos revolucionarios que mostra en toda a obra. Aínda que reconece o seu impulso inicial no entusiasmo revolucionario, acúsaas de contribuíren á decadencia dos partidos, guiadas por unha sensibilidade cega e unha paixón desmedida, especialmente cara figuras como Robespierre, practicamente endeusado. Así, dende a influencia emocional sobre figuras como Lafayette ou Vergniaud, ata a exaltación relixiosa das *Vendeanas*⁷⁰, as mulleres aparecen como axentes que, lonxe de reforzar a causa revolucionaria ou contrarrevolucionaria con racionalidade, acabaron por debilitala e precipitar a súa caída, independentemente así da propia postura política das protagonistas das que fala; dende Madame Roland ata a mesma María Antonieta, da que o historiador afirma “Se dos republicanos pasamos aos realistas, veremos o mesmo. As imprudencias da raíña, a súa violencia, as súas faltas, as súas relacións co estranxeiro, contribuíron máis que nada a precipitar o destino da monarquía”.

Desta forma, *Les femmes de la Révolution*, sendo un libro publicado en 1854, mediante un vocabulario sinxelo sen tecnicismos, expresa estas ideas xa explicadas con claridade. Porén, cómpre destacar unha evidente presenza de elementos banais (dentro

⁶⁸ Michelet, Jules., *Las mujeres de la Revolución...*, p. 101.

⁶⁹ Michelet, Jules., *Las mujeres de la Revolución...*, p. 100.

⁷⁰ Referido á Guerra da Vendée.

do sentido da redacción, así como da finalidade da obra), xa que, aínda que todo contido pode ser relevante en diferentes ámbitos, antepón información trivial a elementos que poderían resultar máis interesantes nun estudo das figuras das mulleres, especialmente arredor das súas ideas políticas e pensamentos; máis que unha exhaustiva descrición física, ou do momento dunha execución.

Por outro lado, esta obra resultou novidosa, grazas á nova perspectiva que toma Michelet; debido a que dende a perspectiva dun historiador, e home do s. XIX, non era común ter en consideración ás mulleres; aínda menos escribir un libro enteiro sobre a súa implicación na Revolución francesa. Porén, a fama que adquiriu como o “historiador do pobo”⁷¹ mostra o seu interese por retratar diferentes perspectivas ás tradicionalmente protagonistas; aínda que estas novas protagonistas non son as campesiñas, ou as mulleres pobres, senón que se centrará nas mulleres máis influentes, nas poderosas, burguesas e nobres, prestándolles pouca atención a aquelas sen nome e apelido coñecidos.

Un aspecto directamente ligado á sociedade na que Jules Michelet se criou e desenvolveu, é, como xa se abordou previamente, a forma na que fala das mulleres durante todo o libro. Utiliza un ton paternalista, condescendente, aínda ás veces recoñecendo as grandes capacidades dalgunhas mulleres, nunca chegan ao mesmo que os homes. É posible, ademais, engadir a tendencia que amosa durante o longo do libro, sendo o primeiro que fai describilas fisicamente, falar de como as consideran as persoas, sobre todo homes do seu arredor. Céntrase máis nas súas relacións con outros homes importantes da revolución que nelas mesmas e os seus pensamentos propios.

3. Similitudes e diferenzas. As diferentes perspectivas da Revolución.

Mediante a lectura e análise de ambas obras, cómpre destacar unha clara característica: aínda que abranguen os mesmos acontecementos do mesmo momento da historia de Francia, non só é posible apreciar similitudes nas ideas que ambos autores expresan arredor dos acontecementos políticos e sociais que están a reflectir nos seus escritos, senón tamén destacan unha serie de diferenzas esenciais, tanto arredor do contido, como das protagonistas, da intencionalidade e finalidade que busca cada autor na súa obra.

⁷¹ Grossman, Lionel, “Jules Michelet. Histoire nationale...”, p. 42.

Madame de Staël compón a súa obra coa intención de criticar ao goberno da Convención, e reivindicar os principios de xustiza e igualdade que ela defende, como persoa ilustrada e formada en letras, ademais de ávida escritora. Defende á muller, que personifica na figura de María Antonieta, todo, coa intención de apelar ao sentimento dos revolucionarios, á razón, defendendo a súa prevaecina sobre a violencia e a inxustiza. Por outro lado, *As mulleres da Revolución* de Jules Michelet, pertence á súa amplísima obra de carácter histórico que realiza a mediados do século XIX, na que, aínda que é posible apreciar os seus ideais políticos pola forma de narración e descrición dos acontecementos dos que escribe, este non é o seu principal obxectivo.

Por outro lado, as perspectivas e contextos de ambos autores son completamente diferentes, situándose a de Madame de Staël dende o interior dos propios acontecementos, cun descoñecemento do que o futuro depararía para a Revolución; mentres que a de Michelet situábase nun momento posterior, aínda que non afastado no tempo, no que coñece con detalle os acontecementos sucedidos a finais do século XVIII, mais que el non vivira en persoa, polo que é capaz de representar unha perspectiva máis ampla e xeral sobre esta etapa e as súas repercusións en diversos ámbitos. Ademais, debido a esta distancia temporal, estará influenciado dende a súa xuventude polos escritos de Madame de Staël, xunto como outros clásicos como Rousseau, Locke, Destut de Tracy ou Fenelon⁷².

Finalmente, tamén é considerable a diferenza que o xénero de ambos significa. Non son o mesmo as experiencias, ideas, formación e pensamento dunha muller que dun home, xa non só da mesma época, máis aínda sendo ambos de dous períodos temporais diferentes. Madame de Staël decide centrarse na crítica das desigualdades e na defensa das mulleres e da condición feminina; mentres que Michelet mostra unha perspectiva masculina habitual da época arredor das mulleres no século XIX – aínda que se pode destacar a súa iniciativa por escribir un libro exclusivamente sobre as figuras femininas da Revolución Francesa – .

⁷² Cantero Núñez Estanislao, “La ideología anticatólica de un historiador: Jules Michelet”, *Anales de la Fundación Francisco Elías de Tejada*, nº. 15, 2009, p. 95.

3.1. As similitudes entre ambos autores

Desta forma, non só mostran claras diferenzas nas ideas que escriben, mais tamén é posible atopar coincidencias ou ideas similares.

Así, ambos defenden a idea Revolucionaria de 1789. Aínda que ambas perspectivas son claramente diferentes, Madame de Staël e Michelet comparten unha visión positiva dos principios de liberdade, igualdade e fraternidade da Revolución. Madame de Staël deféndelos como os ideais que debían prevalecer sobre a violencia imposta a partir da chegada da Convención, sobre a inxustiza e o mal goberno, continuando a defendelos durante o período do Terror, custándolle o exilio dunha cidade tan querida para ela como era París; mentres que Michelet os concibe como o motor vital da historia do pobo francés, como o verdadeiro e correcto modo de concibir a sociedade, a política e o goberno.

Por outro lado, ambos autores tamén coinciden en recoñecer o esencial papel que exerceron as mulleres durante a Revolución, tanto directo como indirecto. Madame de Staël pretende evidenciar como a violencia e a tiranía do réxime revolucionario afectaron ás mulleres especialmente, utilizando a defensa da raíña como símbolo desta inxustiza; mentres que Michelet, dedicando unha obra enteira a estas mulleres, recoñece, ao longo das 300 páxinas do escrito, a súa implicación nos diferentes acontecementos, ámbitos e incluso estamentos da sociedade francesa durante a Revolución.

Finalmente, a crítica ao fanatismo e ao radicalismo, principal idea e característica da obra de Madame de Staël é tamén compartida polo historiador francés. Ambos, así, denuncian os excesos da Convención e do período de Terror impulsado por Robespierre, criticándoo así Staël ao facer énfase na inxustiza moral e xurídica que se estaba a normalizar, especialmente contra as mulleres; mentres que Michelet afirma a súa crítica na idea de que este período, iniciado en 1792, traizoara os principios iniciais da Revolución, tanto morais, como políticos e sociais, baseándose, non só na mesma violencia contra as mulleres que Madame de Staël menciona, facendo énfase na brutalidade das execucións, considerándoas innecesarias, mais tamén evidenciando os excesos que se levaban a cabo, especialmente arredor dos líderes principais; como podían ser Marat ou Robespierre.

3.2. As diferenzas que os separan

Porén, ao igual que comparten visións e ideas, ambos autores tamén defiren en outras variadas. En primeiro lugar, a diferente perspectiva que ambos presentan sobre as mulleres é evidente, Madame de Staël defendéndoas dende unha postura, non só de pertenza ao mesmo grupo que defende, senón tamén dende unha perspectiva privilexiada, sendo ela unha burguesa ilustrada, esixe o acceso á educación e a inclusión real na vida pública de todas as mulleres, así como o seu dereito á dignidade e á igualdade ante o home. Por outro lado, Jules Michelet retrata ás mulleres dende unha visión condescendente e esencialista, considerándoas emocionais, maternais e, en moitos casos, incapaces de exercer cargos políticos nunha forma racional. Idealízaas como figuras e símbolos, pero limita o seu papel ao emocional e afectivo.

En realidade ambos insistirán no carácter emocional das mulleres, que as impulsa á empatía e á sensibilidade, mais reaccionando ante isto de maneira diferente; Madame de Staël, por un lado, considera que isto non as afastaba da razón e do intelecto, mais Michelet, por outra parte, defende o xa explicado, a incapacidade de raciocinio á que estas emocións as levaban.

En segundo lugar, atopamos dúas posturas disidentes fronte ás elites intelectuais. Madame de Staël formaba parte destas elites, ademais de participar nos salóns ilustrados, moi populares entre a alta sociedade ilustrada de París durante a Revolución como centro de debate e discusión das ideas políticas do momento; polo que defende o seu valor como isto mesmo, espazos de debate político e intelectual. Porén, Michelet desprezou estes mesmos salóns nos seus escritos, criticando, ademais, ás mulleres que os xestionaban, ao considerar que desviaban o rumbo político e moral da Revolución.

Así, mesmamente relacionado coa posición de ambos escritores sobre as mulleres, a defensa de Madame de Staël céntrase en María Antonieta, mais non por ser quen é, nin por ser a raíña, senón por ser muller e vítima dunha violencia estrutural, simbolizando así unha defensa de toda a demografía feminina (que realmente se reflectía nos estamentos superiores, non realmente nas campesiñas). Michelet, por outro lado, baséase a súa defensa na súa idea e percepción da muller indefensa e infantil, non da muller real.

Finalmente, atopamos dous enfoques diferentes no pensamento e no que os escritos revelan de cada autor. Madame de Staël mostra unha perspectiva máis

individualista e ética (a súa condición social é motivo disto), estando así máis interesada no pensamento, a moral e os sentimentos. Michelet, non obstante, mostra un enfoque máis colectivo e “épico”, onde a sociedade, o “pobo” (unha visión romántica deste) é protagonista, coincidente coa súa idea política⁷³.

Conclusión

A través lectura, análise e comparación de ambas obras, é posible chegar a unha serie de conclusións e semellanzas arredor dos escritos sobre as mulleres na Revolución francesa.

As obras de Madame de Staël, mostran a visión, a “voz” e as ideas dunha muller burguesa, privilexiada, extensamente formada e letrada, con ideas propias sobre a política e sobre a revolución, con independencia suficiente como para atreverse a escribir un texto que sabía que a poñería en perigo (aínda sendo anónimo), mais que non dubidou en publicar e expresar a súa posición e defensa no xuízo de María Antonieta, que non só significaba un intento de evitar a súa execución, mais tamén un intento por defender ás mulleres ante a inxustiza, ante a violencia e o abuso de poder, situación que non só ela resalta, senón o mesmo Jules Michelet, décadas despois, no seu libro, continuará afirmando e defendendo.

Así, aínda que ambos autores escribían estas palabras con intencións distintas, (Madame de Staël, sendo a única muller que se atreve a defender á raíña, crente nunha sociedade xusta e sen violencia, así como na capacidade racional e política das mulleres, diferénciase de Michelet, que defendía a situación feminina ante a violencia dende unha visión de indefensión e inferioridade).

Mediante a equiparación entre as dúas publicacións, que pretenden abordar a mesma situación do mesmo contexto, as diferenzas que os separan son esenciais, producindo así dúas obras completamente diferentes, tanto, como a visión de ambos autores. Porén, en relación á análise das consecuencias que tivo finalmente a Revolución nas mulleres, utilizando estas mesmas obras, é posible chegar a unha similar conclusión.

Positivamente, a cantidade de documentos e visibilidade arredor da actividade feminina aumentou. Como as mesmas obras que se analizaron reflicten, escritos de personalidades ilustradas, como a mesma Madame de Staël, ou dos clubs e salóns no

⁷³ Grossman, Lionel, “Jules Michelet. Histoire nationale...”, pp. 33-34.

que se desenvolvían unha fervente actividade política. Tamén, grazas ao espírito de protesta e reivindicación revolucionario, aumentaron as demandas polos dereitos das mulleres, tanto nestes mesmos salóns, onde se debatían dereitos como o voto feminino, a igualdade legal, á educación, ao divorcio e á participación política, así como en obras como a *Declaración dos dereitos da muller e da cidadá* de Olympe de Gouges, na que tamén esixía para as mulleres os mesmos dereitos políticos e civís dos que gozaban os homes.

Porén, como tamén se reflicte en ambas obras, xunto ás protestas e reivindicacións femininas, existiu unha represión e exclusión sistemática, tanto política como social. As mulleres son reprimidas, especialmente durante o goberno do terror, cando son executadas varias das figuras emblemáticas do movemento feminino revolucionario, así como se prohiben os salóns femininos, ao seren as mulleres excluídas do ámbito político, consideradas demasiado emocionais e incapaces, consideración, que, como vimos, se mantén na obra de Michelet.

Mais, a quen se refire cando se fala das mulleres da Revolución? Tanto na obra de Madame de Staël (e ela mesma) como na de Jules Michelet, as mulleres representadas son aquelas burguesas, as nobres e aristocráticas, que tiñan influencia e puideron adquirir un “nome e apelido” dentro dunha sociedade estruturalmente masculina. Porén, cando se fala dos escritos que realizaban, dirixidos ao público, non podía este realmente ser a maioría da poboación francesa, especialmente feminina, debido ás altas taxas de analfabetismo. Estas obras, especificamente as de Madame de Staël ou Olympe de Gouges, eran escritas por mulleres privilexiadas, que escribían para quen soubera ler, e para quen pensara como elas. As súas preocupacións, especialmente visible, nas *Reflexións sobre o proceso da raíña*, non están máis que situadas dentro do seu estamento social. Polo tanto, non é sorprendente que estes escritos analizados non nos falen das mulleres de a pé, das campesiñas, das pobres, porque elas non lían, non escribían, polo que non eran “importantes”, nin para Madame de Staël, nin moito menos para Jules Michelet, o cal, xa considerando negativamente ás mulleres, as campesiñas non tiñan cabida neste escrito, por moi innovador que puidera ter resultado no seu momento.

Con todo, e porén estes aspectos máis negativos das obras analizadas, a súa importancia non é baladí. Unha muller privilexiada escribindo no París das décadas

revolucionarias, en defensa das mulleres, e crítica da política masculina, do goberno e da inxustiza; e un historiador decimonónico que realiza unha obra enteira dedicada a retratar a influencia e a implicación das mulleres na Revolución francesa con grande detalle, mostrando un retrato novidoso sobre o relato unicamente masculino, son grandes e evidentes indicadores de que sen a presenza e actuación das mulleres, a Revolución francesa non tería sido o que foi.

Fontes impresas

Necker, Germaine, *Réflexions sur le procès de la Reine*, Éditions du Boucher, Paris, 2002.

Michelet, Jules., *Las mujeres de la Revolución*, trad. e prólogo de Francisco Cañamaque, Librería de Anllo y Rodríguez, Madrid, 1877.

Bibliografía:

Benavides Lucas, Manuel, “Michelet y la mujer”, en Cinta Canterla (coord.), *La mujer en los siglos XVIII y XIX: VII Encuentro de la Ilustración al Romanticismo. Cádiz, América y Europa ante la modernidad*, Universidad de Cádiz Servicio de Publicaciones, Cádiz, 1994, pp. 15-28.

Bertaux, Pierre, “Madame de Staël, la «poule aveugle»”, *Allemagne d'aujourd'hui*, nº 97, 1986, pp. 100-110.

Blanc, Olivier, “Cercles politiques et « salons » du début de la révolution (1789-1795)”, *Annales historiques de la Révolution française, La prise de parole publique des femmes sous la Révolution française*, nº344, 2006, pp. 63-92.

Blanning, Timothy Charles William, *The Romantic Revolution*, Weidenfeld & Nicolson, Londres, 2010.

Bolufer Peruga, Mónica, *Mujeres y hombres en la historia. Una propuesta historiográfica y docente*, Granada, Ed. Comares, 2018.

Brive, Marie-France (ed.), *Les femmes et la Révolution française: actes du colloque international, 12-13-14 avril 1989*, Toulouse, Presses universitaires du Mirail, 1989

- Cantero Núñez, Estanislao, “La ideología anticatólica de un historiador: Jules Michelet”, *Anales de la Fundación Francisco Elías de Tejada*, nº. 15, 2009, pp. 95-131.
- Cutillas Victoria, Benjamín, “¡Arrasar la Vendée! Guerra Civil y Columnas Infernales en pleno corazón de la Revolución Francesa”, *Panta Rei. Revista Digital de Ciencia y Didáctica de la Historia*, 2014, pp. 39-58
- Escarpit, Robert, “Germaine de Staël” *Encyclopedia Britannica*, 2025.
<https://www.britannica.com/biography/Germaine-de-Stael>.
- Farge, Arlette, “Historia de las Mujeres. Cultura y poder de las mujeres: ensayo de historiografía”, *Historia Social*, nº 9, 1991, pp. 79-102.
- Fauré, Christine, “Doléances, déclarations et pétitions, trois formes de la parole publique des femmes sous la Révolution”, *Annales historiques de la Révolution française, La prise de parole publique des femmes sous la Révolution française*. nº344, 2006, pp. 5-25.
- Gautier, Paul, “Madame de Staël et Napoléon”, *Revue d'Histoire Moderne & Contemporaine*, nº 5-1, 1903, pp. 57-61.
- Gimeno de Flaquer, Concepción, “Madame Roland y Madame Staël”, *Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes*, https://www.cervantesvirtual.com/obra-visor/madame-roland-y-madame-stael-997640/html/343c93ee-c76f-440a-bf95-9477232d10ba_2.html#I_0.
- Godineau, Dominique, *Citoyennes tricoteuses: les femmes du peuple à Paris pendant la Révolution française*, Éditions Perrin, Paris, 2004.
- Grossman, Lionel, “Jules Michelet. Histoire nationale, biographie, autobiographie”, *Littérature*, nº102, 1996, pp. 29-54.
- Lapied, Martine, “Parole publique des femmes et conflictualité pendant la Révolution, dans le sud-est de la France”, *Annales historiques de la Révolution française, La prise de parole publique des femmes sous la Révolution française*, nº344, 2006, pp. 47-62.
- López-Cordón Cortezo, María Victoria, “Introducción” a *Reflexiones sobre el proceso de la Reina*, Abada editores, Madrid, 2013.

Morales Moya, Antonio, “Conmemorando a la Revolución Francesa”, *Revista de dialectología y tradiciones populares*, tomo 50, cuaderno 2, 1995, pp. 195-208

Morant Deusa, Isabel: “Madame de Staël. Opinión de las mujeres”, en Gloria Ángeles Franco Rubio, Inmaculada Arias de Saavedra Alías, Ofelia Rey Castelao (coord.) *El telar de la vida: tramas y urdimbres de lo cotidiano: Maneras de vivir en la España moderna*, Gijón, ediciones Trea, 2021, pp. 333-344.

Perrot, Michelle, *Mi historia de las mujeres*, trad. de Mariana Saúl, Fondo de Cultura Económica, Buenos Aires, 2008.

Rial García, Serrana, “Una mirada a la evolución historiográfica de la historia de las mujeres”, *Semata: Ciencias sociais e humanidades*, 20, 2002, pp. 155-188.

Seznec, Jean, "Jules Michelet", *Enciclopedia Britannica*, [consultado 25 de marzo 2025]
<https://www.britannica.com/biography/Jules-Michelet>